



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE CULTURA, PATRIMONIO HISTÓRICO ARTÍSTICO E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Anuncio

RELACIÓN DE SUBVENCIÓNS DIRECTAS (NOMINATIVAS E EXCEPCIONAIS) TRAMITADAS POLA ÁREA DE CULTURA, PATRIMONIO HISTÓRICO ARTÍSTICO E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (CULTURA) DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO NO SEGUNDO TRIMESTRE DO ANO 2024.

En cumprimento do establecido nos artigos 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, 30 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 11 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, faise pública a relación de subvencións directas, nominativas e de carácter excepcional, tramitadas pola Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística (Cultura) da Excma. Deputación Provincial de Lugo no segundo trimestre do ano 2024.

Entidade Beneficiaria	NIF	Tipo de Subvención	Finalidade	Aplicación orzamentaria	Importe	Órgano de Aprobación
Concello de Vilalba	P2706500B	Nominativa	Aportación conservatorios	3240.46200	15.000,00 €	Presidencia
Concello da Pobra do Brollón	P2704700J	Nominativa	Gastos da Escola Municipal de música, danza e artes escénicas Samoeiro	3240.46200	8.000,00 €	Presidencia
Federación Provincial de Asociaciones de Padres de Alumnos de Centros Estatales de Lugo	G27019140	Nominativa	Proxecto Coa Educación por Diante	3340.48900	16.500,00 €	Presidencia
Asoc. Músico Crisanto	G27405497	Nominativa	Gastos de xestión e actividades	3340.48900	28.000,00 €	Presidencia
Asoc. socio-educativa Antonio Gandoy	G27443142	Nominativa	Gastos de funcionamento e actividades	3340.48900	16.500,00 €	Presidencia
Asoc. Educando en Familia	G27437581	Nominativa	Gastos de funcionamento e xestión	3340.48900	16.500,00 €	Presidencia
Asoc. de Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares	G27300052	Nominativa	Gastos de funcionamento e actividades	3340.48900	5.000,00 €	Presidencia
Asoc. de Gaiteros Galegos	G15208358	Nominativa	Gastos de xestión e funcionamento da Tradescola e actividades	3340.48900	70.000,00 €	Presidencia
Federación de librerros de Galicia	V15038458	Nominativa	Feiras do libro da provincia de Lugo	3340.48900	5.000,00 €	Presidencia
Sociedad Filarmónica de Monforte	G27013424	Nominativa	Gastos de funcionamento e actividades	3340.48900	6.600,00 €	Presidencia
Grupo Foto Cinematográfico Fonmiñá	G27011865	Nominativa	Semana do Cine	3340.48900	35.000,00 €	Presidencia
Instituto Estudios Chairegos Pena do Encanto	G27268085	Nominativa	Publicación e Actividades	3340.48900	6.000,00 €	Presidencia
Asoc. Academia Galega do Audiovisual	G15844145	Nominativa	Premio Mª Luz Morales	3340.48900	2.000,00 €	Presidencia
Mesa pola Normalización Lingüística	G15154610	Nominativa	Funcionamento e Actividades	3340.48900	15.000,00 €	Presidencia
Asoc. de desarrollo rural Serra do Caurel	G27237494	Nominativa	Courel Son	3340.48900	3.000,00 €	Presidencia

Agrupación Folklórica e Cultural O Arco da Vella de Barreiros	G27022177	Nominativa	Gastos de funcionamento e actividades	3340.48900	5.000,00 €	Presidencia
Asoc. Cult. Banda e Escola da Música de Taboada Xoan Montes	G27303569	Nominativa	Gastos de funcionamento e actividades	3340.48900	7.000,00 €	Presidencia
Asoc. Cultural Casa da Música	G27412626	Nominativa	Gastos de funcionamento e actividades	3340.48900	14.000,00 €	Presidencia

Lugo, 3 de xullo de 2024.- Vº.Bº. O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 04-07-2023, O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón. O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2018

CONCELLOS

FOZ

Anuncio

Listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas, data e lugar da proba para a provisión como funcionario/a de carreira de dúas (2) prazas de auxiliar administrativo do Concello de Foz, da escala de Administración Xeral, polo sistema de oposición libre, previstas na OEP 2022 (BOP nº 299 de 31/12/2022) así como na OEP 2023 (BOP nº 296 de 28/12/2023).

Por Resolución de Alcaldía nº 2024-0604 de data 03 de xullo de 2024 apróbase a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas, data e lugar de celebración do proceso selectivo convocado para a provisión como funcionario/a de carreira de dúas (2) prazas de auxiliar administrativo do Concello de Foz, da escala de Administración Xeral, polo sistema de oposición libre, previstas na OEP 2022 (BOP nº 299 de 31/12/2022) así como na OEP 2023 (BOP nº 296 de 28/12/2023).

Visto, que por Resolución de Alcaldía núm. 2024-0508 de data 10 de xuño de 2024, prestouse aprobación á listaxe provisional de admitidos e excluídos ao respecto do proceso selectivo convocado para a provisión como funcionario/a de carreira de dúas (2) prazas de auxiliar administrativo do Concello de Foz, da escala de Administración Xeral, polo sistema de oposición libre, previstas na OEP 2022 (BOP nº 299 de 31/12/2022) así como na OEP 2023 (BOP nº 296 de 28/12/2023) así como á designación do órgano de selección, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 138 de data 15 de xuño de 2024, no taboleiro de anuncios do Concello de Foz, e na sede electrónica da web municipal.

Rematado o prazo de subsanación e analizada a documentación aportada polos/as candidatos/as, esta Alcaldía, no uso das atribucións que lle confire a vixente Lei 7/1985, de Bases de Réxime Local e demais normativa de pertinente aplicación,

RESOLVE:

PRIMEIRO.- Aprobar a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo convocado para a provisión como funcionario/a de carreira de dúas (2) prazas de auxiliar administrativo do Concello de Foz, da escala de Administración Xeral, polo sistema de oposición libre, co seguinte alcance:

ADMITIDO/A	DNI	CELGA
ABEL RODRÍGUEZ MARÍA BELÉN	****895**	Aporta Celga
ADELAIDE TEJEIRO ANA BELÉN	****884**	Aporta Celga
AGÜEIRA CASARIEGO, JENIFER	****338**	Aporta Celga
ALONSO CIENFUEGOS, JOSE MANUEL	****600**	Non aporta Celga
ALONSO GARCÍA, MARTA	****056**	Aporta Celga
ÁLVAREZ VERDEAL, MARÍA BEGOÑA	****377**	Aporta Celga
ANTUÑA CARBALLÉS, MARÍA ROSA	****506**	Aporta Celga
BASANTA SEIJAS, MARÍA SUSANA	****802**	Non aporta Celga
BOUZA MIRANDA, SARA	****218**	Aporta Celga
BRIONES MONTES, ANA MARÍA	****180**	Aporta Celga

CASTRO QUEIPO, OSCAR	****650**	Aporta Celga
CORTIZAS DÍAZ, ANA MARÍA	****765**	Aporta Celga
DELANTERO JOVEN, ALBERTO	****052**	Aporta Celga
DÍAZ ÁLVAREZ, AINARA	****447**	Aporta Celga
DÍAZ COUTO, MARÍA DEL MAR	****144**	Aporta Celga
FEIJOO GONZÁLEZ, ADRIÁN	****384**	Aporta Celga
FERNÁNDEZ ÁLVAREZ-FERNÁNDEZ, MARÍA SONIA	****059**	Non aporta Celga
FERNANDEZ FRAGA, MARÍA VANESA	****544**	Aporta Celga
FERNÁNDEZ VEIGA, MARÍA	****591**	Aporta Celga
FREIRE BLANCO, CARLOS	****226**	Aporta Celga
FUNGUEIRIÑO PAZOS, JOSÉ LUIS	****824**	Aporta Celga
GARCÍA LÓPEZ, ZORAIDA	****301**	Aporta Celga
GÓMEZ MARTÍNEZ, MARTINA	****475**	Aporta Celga
GONZÁLEZ GONZÁLEZ, AROA	****675**	Non aporta Celga
IGLESIAS RODRIGUEZ, SHEILA	****201**	Aporta Celga
JANEIRO TAPIA, MIGUEL ANGEL	****341**	Aporta Celga
LEGASPI VILLARINO, ARISBEL	****364**	Aporta Celga
LINARES GONZÁLEZ, MAITE	****347**	Aporta Celga
LÓPEZ OROZA, ANA BEATRIZ	****913**	Aporta Celga
LÓPEZ PÉREZ, REYES	****354**	Aporta Celga
LOUREIRO REY, YOLANDA	****012**	Aporta Celga
LOURENZO FERNÁNDEZ, ELIZABETH	****464**	Aporta Celga
LOZANO PARDIÑO, PABLO JOSÉ	****144**	Aporta Celga
MARTÍNEZ FACHAL, MARÍA ISABEL	****864**	Aporta Celga
MARTÍNEZ FACHAL, MARÍA JOSÉ	****659**	Aporta Celga
MARTÍNEZ MARTÍNEZ, SILVIA	****035**	Aporta Celga
MARTÍNEZ NEIRA, ANA MARÍA	****513**	Aporta Celga
MARTÍNEZ REGODESEVES, NEREA	****474**	Non aporta Celga
OTERO ABAD, XIANA	****369**	Aporta Celga
OTERO LONGARELA, VANESA	****953**	Aporta Celga
PALMEIRO RODRIGUEZ, FÁTIMA	****056**	Aporta Celga
PEÑA VARGAS, ANABEL	****125**	Aporta Celga
PERNAS QUIROGA, MARTA	****424**	Aporta Celga
PERNAS VAL, ANA	****253**	Aporta Celga
PRADO GONZÁLEZ, LUCÍA	****813**	Aporta Celga

RODRÍGUEZ DÍAZ, JOSÉ FELICIANO	****406**	Aporta Celga
SANTOS ALVAREDO, MÓNICA	****948**	Aporta Celga
TEMRÁS TEMBRÁS, SONIA	****381**	Aporta Celga
TORRE MAHÍA, LIDIA	****032**	Aporta Celga
VARELA GARCÍA, LAURA MARÍA	****833**	Aporta Celga
VARELA VARELA, MARÍA VICTORIA	****832**	Aporta Celga
VEIGA LESTEGÁS, MARÍA LETICIA	****637**	Aporta Celga
VILAR REBOEIRAS, VERÓNICA	****562**	Aporta Celga
VILLARINO NOVAS, YAIZA	****060**	Aporta Celga

EXCLUIDO/A	DNI	Causa/s motivadora/s da exclusión:
DEL RÍO RODRIGUEZ, ANDREA	****345**	1 / 2
DOMINGUEZ DOMINGUEZ, EVA MARÍA	****893**	3
FERNÁNDEZ CRESPO, CARLOS	****386**	2
PARADELA NOVOA, AITANA	****240**	1
PÉREZ GARCÍA, LUCÍA	****182**	3
PÉREZ MÉNDEZ, PATRICIA	****946**	1 / 2/ 3
PERNAS ALONSO, EVA	****784**	1
RUBIÑOS FERNÁNDEZ, MARÍA PEÑA	****708**	1
URAIN ORDAS, ÍÑIGO	****113**	2
VALE IGLESIAS, DIANA	****000**	2

****Código causa de exclusión definitiva:**

1.- DNI.

2.- Xustificación do pagamento dos dereitos de exame.

3.-Estar en posesión do título de graduado en educación secundaria obrigatoria, de graduado escolar, formación profesional de primeiro grao, ou equivalente.

SEGUNDO.- Citar ás persoas que forman parte do Tribunal para que comparezan nas aulas de formación da Deputación de Lugo, sitas en Calella da Deputación, núm.2, o **mércores** día **28 de AGOSTO de 2024** ás **9 HORAS E 30 MINUTOS** para a súa constitución, e o **mércores** día **4 de SETEMBRO de 2024** ás **10 HORAS** para a realización do primeiro exercicio no **CEIP O CANTEL** sito en Rúa Pintor Laxeiro, s/n, de Foz (Lugo).

TERCEIRO.- Citar ás persoas aspirantes admitidas para que comparezan o **mércores** día **4 de SETEMBRO de 2024**, ás **10 HORAS**, no **CEIP O CANTEL** sito en Rúa Pintor Laxeiro, s/n, de Foz (Lugo), ao obxecto de celebrar o primeiro exercicio do proceso selectivo.

CUARTO.- Publicar a presente resolución no *Boletín Oficial da Provincia* (BOP) e no taboleiro de edictos e sede electrónica do Concello de Foz.

Contra a listaxe definitiva, as persoas aspirantes poderán interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da alcaldía no prazo dun mes a partir do día seguinte o da publicación desta resolución no BOP ou ben recurso contencioso - administrativo diante do Xulgado Contencioso - Administrativo de Lugo no prazo de dous meses dende o día seguinte á citada publicación sen prexuízo de que se interpoña calquera outra que se estime oportuno.

Non obstante, as persoas interesadas poderán presentar as alegacións que estimen convenientes para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento conforme ao artigo 112.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Foz, 4 de xullo de 2024.- O Alcalde, Francisco Cajoto Caserio.

R. 2028

GUITIRIZ

Anuncio

Aprobado por Decreto de Alcaldía o Padrón fiscal do servizo público do Centro de Día correspondente ao mes de xuño de 2024, que comprenden os seguintes recibos:

1.- Padrón das taxas de prestación do servizo público de Centro de Día correspondente ao mes de xuño de 2024, integrado por 20 recibos por importe total de 6.172,25 €.

O Padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobado no caso de que non se produzan reclamacións contra o mesmo.

Contra o acordo de aprobación do correspondente Padrón, poderá interpoñerse con carácter perceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ó do remate da exposición pública do correspondente Padróns.

A cobranza en período voluntario das taxas do padrón do servizo público de Centro de Día correspondente ao mes de xuño de 2024, terá lugar no prazo de dous meses dende a publicación do edicto no Boletín Oficial da Provincia, transcorrido o mesmo procederase a esixir as débedas cos xuros de mora e os recargos de acordo coa artigos 26 e 28 da Lei 58/2003 Xeral tributaria.

Os recibos que figuran domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Guitiriz, 25 de xuño de 2024.- A Alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 2019

Anuncio

DELEGACION DAS FUNCIÓNS DE ALCALDIA. Expte. 602/2023

Por resolución de alcaldía nº 2024-0548 de data 3/07/2024 delegouse as funcións de alcaldía na primeira tenente de alcaldesa, dona Paula Campo Barral dende o día 4 ao 9 de xullo de 2024 (ambos inclusive) por ausencia da alcaldesa.

O que se publica de acordo co previsto no artigo 44.2 do RD 2568/1896, de 28 de novembro.

Guitiriz, 4 de xullo de 2024.- Alcaldesa en funcións, Paula Campo Barral.

R. 2029

MEIRA

Anuncio

EXPOSICIÓN PÚBLICA E ANUNCIO DE COBRANZA- PADRÓN FISCAL SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Por Resolución da Alcaldía núm. 297/2024, de data 3 de xullo de 2024, se prestou aprobación ao padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de xuño de 2024, na modalidade de SAF básico e dependencia.

Segundo o disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao seu pagamento, que dispoñen dun prazo de

QUINCE (15) días contados a partir da publicación do presente anuncio no BOP de Lugo, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da lei reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpor recurso de reposición ante o Sr. Alcalde, no prazo de UN MES (1) contado dende a data de finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no BOP. Contra a resolución do recurso de reposición, non caberá de novo dito recurso.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante poderán interpor calquera outro recurso que consideren oportuno.

Anuncio de cobranza

De conformidade co disposto nos artigos 24 e 25 del Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario dende o 3 de xullo ao 3 de setembro de 2024.

Os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos seranlles cargados nas contas bancarias que designaron. Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento cos correspondentes xuros de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da lei 58/2023.

Meira, 3 de xullo de 2024.- O alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 2030

NAVIA DE SUARNA

Anuncio

De conformidade co Artigo 181 do R.D. 2/2004, de 5 de Marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; Artigos 43 a 45 do R.D. 500/90, de 20 de Abril, así como nas Bases de Execución do vixente Presuposto Xeral Ordinario para 2024, e habida conta que o Pleno da Corporación en Sesión celebrada o día 29/05/2024, adoptou acordo de aprobación inicial do Expediente de Modificación de Suplemento de Créditos do Presuposto de 2024 con cargo ó Remanente de Tesorería do exercicio de 2023, e que resultou DEFINITIVO ó non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición pública faise constar o seguinte:

A aprobación do Expediente de Modificación de Créditos dentro do Presuposto Xeral desta Corporación para 2024, introducíndonos estados de gastos e ingresos, as seguintes modificacións:

APLICACIÓN NO ESTADO DE GASTOS

PARTIDA	DENOMINACIÓN	IMPORTE
165-210	Mellora Alumado Público	20.000,00
450 - 61921	Inversións en Vías Publicas	50.000,00
454 - 61900	Inversións en Camiños	50.000,00
	TOTAL GASTOS	120.000,00

APLICACIÓN DE INGRESOS CON ALTA DE CRÉDITO

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
87000	Remanente Líquido de Tesoureiría	120.000,00
	TOTAL A SUPLEMENTAR.	120.000,00

Según o disposto no artigo 171.1 do Real Decreto Legislativo a que se fixo referencia, poderase interpoñer directamente contra o referenciado Presuposto, recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Navia de Suarna, 3 de xullo de 2024.- O Alcalde, José Fernández Fernández.

R. 2020

AS NOGAIS

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de 03/07/2024, aprobáronse os Padróns Tributarios das taxas pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, lixo e Canon de auga correspondentes ao 2º trimestre do exercicio 2024, o que se notifica aos efectos do seu coñecemento. Fíxase o período de cobro en voluntaria do 04/07/2024 ao 04/09/2024, ambos inclusive. Iníciase o período de exposición ao público polo prazo de 15 días contados a partir do día seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións de tributos municipais incorporadas a este, poderase formular recurso de reposición ante este órgano, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

As Nogais, 3 de xullo de 2024.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 2031

OUIROL

Anuncio

O Sr. Alcalde-Presidente asinou o Decreto nº 2024-0240, de data dous de xullo, que literalmente di:

“DON JOSÉ LUIS PAJÓN CAMBA, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE OUIROL, PROVINCIA DE LUGO.

En exercicio das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, o artigo 43 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro e a Disposición Adicional 2ª parágrafo 9º da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, RESOLVO:

Primeiro.- Delegar na Xunta de Goberno Local, as atribucións que deseguido se relacionan:

- O desenvolvemento da xestión económica de conformidade co orzamento aprobado, dispoñer gastos dentro dos límites da súa competencia, concertar operacións de crédito, con exclusión das contempladas no artigo 158.5 da Lei 39/1998, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, sempre que aquelas estean previstas no orzamento e o seu importe acumulado dentro de cada exercicio económico non supere o dez por cento dos seus recursos ordinarios, agás as de tesourería que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento non supere o quince por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior, ordear pagamentos e rendir contas; todo iso de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Aprobar a oferta de emprego público de conformidade co orzamento e a plantilla aprobados polo Pleno.

- A aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como os instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.
- Sancionar as faltas de desobediencia á súa autoridade ou por infracción das ordenanzas municipais, agás nos casos en que a devandita facultade estea atribuída a outros órganos.
- A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no orzamento.
- O outorgamento das licenzas, agás que as leis sectoriais o atribúan expresamente ao Pleno ou á Xunta de Goberno Local.
- Ordear a publicación, execución e facer cumprir os acordos do Concello.
- A competencia como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministro, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.
- A adxudicación de concesións sobre os bens da Entidade Local e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o orzamento base de licitación, nos termos definidos no artigo 100.1, non supere o dez por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millón de euros, así como a enaxenación do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados.
- A potestade sancionadora en materia urbanística baseándose no artigo 222.1 da LOUG.
- As demais que expresamente lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas asignen ao concello e non o atribúan a outros órganos municipais.

A devandita delegación comprende as facultades de resolver procedementos administrativos mediante a adopción de actos administrativos que afecten a terceiros.

SEGUNDO: A presente delegación de atribucións surtirá efectos dende a data da súa sinatura, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo de conformidade co disposto no artigo 44.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

TERCEIRO: Dar conta da presente Resolución no primeiro Pleno ordinario que se celebre de conformidade co disposto no artigo 44.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O que mando e asino

Ourol, 3 de xullo de 2024.- O Alcalde-Presidente, José Luis Pajón Camba. A Secretaria-Interventora.

R. 2021

OUTEIRO DE REI

Anuncio

Por Decreto de alcaldía de 3 de xullo de 2024 aprobáronse as seguintes bases de proceso selectivo para confección de Bolsa de interinos/as para posto de vixiante de obras do Concello de Outeiro de Rei.

O prazo de presentación de instancia está recollido nas presentes bases.

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE BASES DE PROCESO SELECTIVO PARA CONFECCIÓN DE BOLSA DE INTERINOS/AS PARA POSTO DE VIXIANTE DE OBRAS DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI

EXPEDIENTE 24/2024

O posto de Vixiante de Obras do Concello de Outeiro de Rei quedou vacante o día 30 de decembro de 2023 por mor da xubilación do seu titular.

Trátase dun posto de traballo de funcionario de carreira do Grupo E do Organigrama do Concello de Outeiro de Rei.

É necesaria a súa cobertura interina ata que se aprobe a oferta de emprego público e se poda cubrir cun funcionario/a de carreira.

Por este motivo dedídese a formación dunha Bolsa para cubrir posibles interinidades derivadas de calquera das situacións que contempla a Lei do Emprego Público de Galicia 2/2015 no seu artigo 23, apartado 2

Con base no anterior RESOLVO:

1º.- Aprobar as Bases da convocatoria (que se relacionan a continuación) de proceso selectivo de formación dunha lista de emprego para posibles nomeamentos interinos en posto de Vixiante de Obras do Concello de Outeiro de Rei.

2º.- Que se publiquen as bases aprobadas No BOP de Lugo e na sede electrónica do Concello de Outeiro de Rei, con presentación de instancias por período de 10 días hábiles

As bases se copian como Anexo:

BASES DA CONVOCATORIA DE PROCESO SELECTIVO DE FORMACIÓN DUNHA LISTA DE EMPREGO PARA POSIBLES NOMEAMENTOS INTERINOS DE POSTO DE VIXIANTE DE OBRAS NO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (LUGO)

Base Primeira. Obxecto

O obxecto destas bases é a regulación do procedemento para a selección de persoal para a formación dunha lista ordenada de candidatos para a realización de eventuais nomeamentos en réxime de persoal funcionario interino en postos correspondente a prazas de Administración Xeral, Grupo E, denominación do posto VIXIANTE, adscripción orgánica á Alcaldía, servicio Vixiancia e inspección.

Según a Relación de Postos de Traballo do Concello de Outeiro de Rei, modificada e publicada a modificación aprobada definitivamente no BOP de Lugo de 21 de xuño de 2024 onde constan as seguintes funcións na ficha do posto vixiante, as funcións a realizar serán:

Funcións do vixiante:

Funcións:

- .-Recepción, porteiro, atención e información aos usuarios.
- .-Apertura e peche de centros ou unidades, e levantamento de informes ou actas en relación cos mesmos.
- .-Funcións de mantemento e apoio xeral.
- .-Vixiancia e inspección do cumprimento da normativa municipal.
- .-Custodiar e vixiar bens, servizos, instalacións e dependencias municipais.
- .-Velar polo cumprimento de regulamentos, ordenanzas e demais disposicións
- .-Controlar e verificar o bo funcionamento do mobiliario, control de colocación de contenedores, instalacións, materiais, etc..., das dependencias, avisando das avarías ou danos.
- .-Facer chegar aos servizos municipais correspondentes e con toda claridade calquera incidencia que se produza á vía publica que haxa que ser resolta (sinais en mal estado, vandalismo, danos no mobiliario urbano, farolas, avarías á rede de augas, etc...) Comprobación periódica da súa resolución.
- .-Facer chegar aos servizos municipais información sobre espazos sucios e en mal estado, patios con exceso de vexetación en vías públicas e incidencias en parques e xardíns, verquidos, cumprimento da xestión da biomasa e outros similares.
- .- Emisión de informes básicos en relación coa súa actuación inspectora e especialmente co disposto nos apartados anteriores.
- .-Calquera outra de contido análogo ou relacionada coas funcións anteriores.

Base segunda. Réxime retributivo

En relación ao réxime retributivo, o complemento de destino e específico aplicable serán os correspondentes aos postos da RPT obxecto de provisión temporal o substitución.

Características:

Grupo: E

Escala: Administración Xeral

Nivel complemento destino: 14

Complemento específico: 9943,78€ (en 14 pagas)

Base terceira. Réxime Xurídico e duración dos nomeamentos:

Os nomeamentos realizaranse en réxime de interinidade, por razóns de necesidade e urxencia, para o desempeño de funcións propias dos funcionarios de carreira, cando se den algunhas das seguintes circunstancias:

- a) A existencia de prazas vacantes, cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira, por un período máximo de tres anos.
- b) A substitución transitoria dos titulares. Nos supostos de redución de xornada, xubilación parcial ou permisos a tempo parcial dos titulares, poderá nomeamento persoal funcionario interino para cubrir a parte da xornada de traballo que non realice a persoa titular do posto.
- c) O exceso ou acumulación de tarefas, de carácter excepcional ou circunstancial, por un prazo máximo de nove meses, nun período de dezaioito meses.

A duración dos nomeamento será a determinada pola causa que os motiva. Con todo, o órgano competente do Concello de Outeiro de Rei poderá deixalos sen efecto nun prazo inferior, se desaparecesen as circunstancias de urxente necesidade que os xustifican.

Base cuarta. Requisitos das persoas aspirantes

1. As persoas aspirantes deberán reunir no día da finalización do prazo de presentación da solicitude os seguintes requisitos:

- a) Estar en posesión do certificado de escolaridade ou equivalente ou estar en condicións de obtelo na data na que acabe o prazo de presentación de instancias.
- b) Ter a nacionalidade española ou reunir as condicións de acceso ao emprego público de nacionais doutros estados establecidos no artigo 57 do Texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público e 52 da Lei do Emprego Público de Galicia.
- c) Ter cumpridos dieciseis anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta para o exercicio de cargos ou empregos públicos, ou en situación de inhabilitación especial para os empregos públicos obxecto da convocatoria.
- e) Posuír capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, sen que se padeza enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatibles coas funcións do posto. A condición de discapacidade e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación. Os aspirantes con discapacidade farán constar na súa instancia se precisan a adaptación para as probas.
- f) Posuír carnet de conducir B1 e vehículo a disposición.

2. De conformidade co establecido no artigo 51.1 da Lei de Emprego Público de Galicia, para formar parte da lista de candidatos será requisito acreditar un coñecemento da lingua galega equivalente ao CELGA 1. As persoas que non poidan acreditar documentalmente a posesión deste requisito deberán superar a proba de lingua galega prevista nesta base sexta.

Base quinta. Sistema de selección.

O sistema de selección será o concurso - oposición.

En primeiro lugar levarase a cabo a fase de oposición:

O proceso consistirá na realización dunha proba tipo test de coñecementos xerais e específicos, dacordo co temario do anexo I, cunha duración máxima dunha hora e trinta minutos e igualmente haberá que superar unha proba práctica.

Respecto do cuestionario tipo test:

O cuestionario constará de 20 preguntas ordinarias máis 3 preguntas de reserva.

As preguntas terán tres respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias que integran o temario. O cuestionario será determinado polo tribunal inmediatamente antes do inicio do exercicio.

Este exercicio cualificarase cunha puntuación de cero (ou) a dez (10) puntos. Para a superación do exercicio será preciso obter cinco dez (5) puntos. As preguntas acertadas valoraranse con 0.5 puntos cada unha. As preguntas non acertadas non descontarán e as non contestadas non puntuarán.

A puntuación obtida por cada aspirante corresponderase co número de respostas acertadas.

Se celebrado o exame, o Tribunal tivese que anular una ou máis preguntas ordinarias, establecerá a substitución, a efectos de avaliación, das anuladas por outras tantas de reserva, pola súa orde.

En todo caso, os exames realizaranse na súa totalidade nunha mesma data.

Respecto da proba práctica:

Será valorada entre 0 a 10 puntos, sendo necesario obter alomenos un 5.

Tempo para desenvolver a proba: 1 hora

Se trata dunha proba práctica relativa a unha das funcións propias do posto de traballo.

Rematada a fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso as persoas aspirantes que superasen a fase de oposición. Esta fase non terá carácter eliminatorio nin poderá ser tida en conta para superar as probas da fase de oposición e consistirá na avaliación por parte do Tribunal dos méritos alegados polas persoas aspirantes nas súas solicitudes.

Os méritos deberán ser alegados e acreditados coa solicitude de participación no proceso selectivo, en ningún caso se valorarán méritos non alegados na solicitude.

Os méritos deberán ser acreditados como sinalan estas bases no prazo de presentación de solicitudes e valoraranse con referencia á data do peche do prazo de presentación de solicitudes.

Para realizar as acreditacións as persoas aspirantes deberán ter en conta que os documentos acreditativos deben ser auténticos, estar validados ou cotexados.

Baremo de méritos:

a) Experiencia profesional: valorarase ata un máximo de 5 puntos

Os servizos prestados en calquera Administración Pública en postos de similar natureza ó convocado valoraranse a razón de 0.25 puntos/mes

Os servizos prestados en calquera Administración Pública (con independencia dos posto) valoraranse a razón de 0,15 puntos por mes.

Os servizos prestados noutras Administracións Públicas acreditaranse mediante certificado expedido polo órgano correspondente. O certificado deberá facer constar os servizos prestados que se pretendan facer valer como experiencia profesional na fase de concurso, expresará para este efecto as funcións desenvolvidas, debendo ademais, achegarse copia do contrato ou nomeamento con indicación da praza, corpo, escala, subescala ou clase de adscrición. O certificado deberá así mesmo acompañarse de certificación da vida laboral, expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, na que consten expresamente os períodos e grupo de cotización correspondentes a esa categoría.

b) Formación: valorarase a realización de cursos de formación expedidos ou homologados pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP), a Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), o Instituto Nacional de Administración Pública (INAP), escolas de formación similares do Estado e das restantes administracións públicas, demais administracións públicas, universidades públicas, organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes

das administracións públicas, colexios profesionais, sindicatos e cursos impartidos no marco do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas (Afedap) acreditados oficialmente, relacionados coa praza obxecto desta convocatoria e coas materias incluídas no temario anexo. Non se valorará a asistencia a asembleas, xornadas, congresos, conferencias, seminarios, as materias que formen parte dunha titulación académica, os módulos ou partes integrantes dun curso, simposios ou similares, nin os cursos nos que non quede acreditada a súa duración.

Non serán valorados os cursos de informática realizados con anterioridade ao ano 2000.

Os méritos por cursos de formación e especialización realizados acreditaranse mediante a presentación de copia do correspondente diploma ou título.

No suposto de que se presenten varios diplomas/títulos con idéntica denominación puntuarase o curso de maior duración, en caso de que a duración sexa a mesma, valorarase o curso que se realizase na data máis próxima á data de finalización do prazo de presentación de instancias.

Baremo:

- Cursos con certificado de aproveitamento: 0,03 puntos por hora.

- Cursos con certificado de asistencia: 0,02 puntos por hora.

A puntuación máxima neste apartado será de 3.5 puntos.

c) Curso de linguaxe administrativa galega:

- Linguaxe administrativa galega nivel superior: 1.5 puntos.

- Linguaxe administrativa galega nivel medio: 1 punto.

No caso de acreditar as dúas titulación, só se valorará o nivel máis alto de formación.

A puntuación máxima neste apartado será de 1.5 puntos.

Base sexta: Coñecemento da lingua galega.

As persoas que non acrediten de forma documental o coñecemento da lingua galega no nivel CELGA 1, deberán realizar unha proba escrita, que se cualificará con resultado de apta ou non apta.

A proba escrita realizarase aos aspirantes que superen a fase de oposición do proceso e atópanse no suposto previsto no parágrafo anterior. Os aspirantes que non superen a proba da lingua galega serán excluídos do procedemento.

Base sétima. Publicidade da convocatoria

A convocatoria publicarase no BOP de Lugo e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Outeiro de Rei, con fin de garantir a máxima difusión entre os posibles interesados. Os restantes actos publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Outeiro de Rei

Base oitava. Presentación de instancias.

As instancias, xunto co resto da documentación mínima que os aspirantes deben presentar solicitando participar no proceso selectivo poderán presentarse no modelo ANEXO I, dirixíranse ao sr. Alcalde do Concello de Outeiro de Rei e se presentaran no Rexistro Xeral do Concello, en horario de 9:00 a 14:00 horas de luns a venres, no prazo de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte a súa publicación no BOP de Lugo e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello.

As instancias, xunto coa documentación precisa tamén poderán remitirse na forma prevista no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como a través da Sede electrónica do Concello de Outeiro de Rei.

Xunto á instancia, tamén se presentará:

- * A Fotocopia do DNI.
- * A Fotocopia do título requirido na base cuarta.
- * O Celga ou equivalente (de ser o caso).
- * fotocopia do carnet de conducir B1
- * As persoas aspirantes que acrediten o coñecemento da lingua galega, con carácter previo e da maneira normativamente establecida (mediante a presentación do certificado CELGA ou equivalente), quedarán exentas da súa realización e daráselles por superada esta proba coa cualificación de apto/a.

A documentación poderá ser fotocopia, sen ser precisa a copia cotexada; presumirase documentación auténtica, e unicamente será requirida a presentación da documentación orixinal aos aspirantes cando sexan seleccionados. No caso de detectarse falsidade documental, será motivo de exclusión do proceso.

A presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo supón a aceptación e acatamento de todas e cada unha das bases desta convocatoria, así como o consentimento do solicitante para o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección. Así mesmo, os solicitantes prestan o seu consentimento para que o seu nome e número de documento identificativo sexan comunicados mediante a súa exposición nos taboleiros de anuncios e na páxina web do Concello de Outeiro de Rei para todo o relacionado co proceso selectivo.

Base Novena.- Admisión de aspirantes.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o sr. Presidente, mediante resolución aprobará unha lista provisional de admitidos e excluídos. Dita resolución será definitiva de non haber excluídos, e será exposta no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello. Todos os actos serán publicado igualmente no taboleiro de anuncios físico do concello, relacionándose os aspirantes excluídos coa indicación da causa de exclusión.

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de cinco días hábiles para reclamacións e corrección das deficiencias sinaladas. Estas reclamacións e correccións serán aceptadas ou rexeitadas na resolución que aprobe a lista definitiva, que se publicará na mesma forma e determinará o lugar, data e hora da constitución do Tribunal e de baremación de méritos, así como a composición do Tribunal de selección.

Base décima.- Tribunal cualificador.

O tribunal cualificador será designado por Resolución de Presidencia no momento de aprobación das listas definitivas de admitidos/as e excluídos/as

Todos/as os/as membros deberán pertencer a un corpo ou escala para ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á esixida para participar na bolsa. (Artículo 59 Ley 2/2015, de 29 de abril, del empleo público de Galicia). O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, polo menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o/a presidente/a e o/a secretario/a ou persoas en quen deleguen. De tódalas reunións que faga o tribunal o/a secretario/a redactará acta.

Os membros do tribunal absteranse de intervir e o comunicarán á autoridade convocante cando concorran algunhas das circunstancias prevista no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

O tribunal resolverá tódalas dúbidas que xurdan en aplicación das presentes bases así como nos casos non previstos polas mesmas.

A efectos de percepción de asistencias, o Tribunal terá a categoría primeira das sinaladas no Real Decreto 462/2002 do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, de ser o caso.

Base Undécima.- Contido, desenvolvemento e cualificación do proceso.

A selección realizarase de conformidade co previsto nas presentes bases polo sistema de concurso-oposición.

Base Duodécima.- Relación de aprobados, aprobación da Lista e presentación de documentos.-

Na acta da última sesión incluírase a relación dos aspirantes pola orde de cualificación definitiva. O Tribunal elevará dita relación ao Alcalde que resolva a súa aprobación como lista/bolsa de emprego para posibles nomeamentos como funcionario interino en calquera das situación previstas no artigo 23.2 da Lei de Emprego Público de Galicia 2/2015 no Concello de Outeiro de Rei.

Dita resolución será publicada no taboleiro de edictos do Concello de Outeiro de Rei e na páxina web do mesmo.

Base Décimoterceira.- Presentación de documentos.-

Formada a Bolsa de interinos/as, no caso de acudir a ela para un posible nomeamento, o/a aspirante seleccionado nese intre deberá presentar ante esta Administración no prazo de cinco días dende o chamamento, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria:

- Copia cotexada do título esixido nas presentes bases.
- Copia cotexada do CELGA ou titulación equivalente que presentaran coa instancia a efectos de exención do segundo exercicio.
- Certificado ou informe médico de non padecer enfermidade nin eiva física que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto. No caso de imposibilidade presentará una declaración xurada ata conseguir o certificado ou informe médico.
- Declaración xurada de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, de non estar en situación de suspensión de funcións, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- Declaración xurada de non estar incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade.

Quen dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou da mesma se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, será excluído da Lista de emprego, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

Funcionamento da lista/bolsa e xestión dos chamamentos

Producida algunha das situacións de necesidade de persoal especificadas para cobertura interina, procederase ao chamamento da persoa a quen corresponda ser nomeado segundo a orde de prelación na lista/bolsa. Tamén se poderá acudir á lista/bolsa para cubrir posibles baixas por incapacidade, vacacións, renuncia ou outras continxencias sobrevidas no candidato con maior puntuación que eventualmente sexa nomeado funcionario/a interino/a.

Os chamamentos dos aspirantes faranse mediante notificación electrónica anunciada mediante chamada telefónica entre as 8:00 e as 15:00 horas e o empregado público que os efectúe fará constar mediante dilixencia a súa realización e se tivo ou non resposta, dando un prazo de 48 horas para aceptar ou renunciar. En caso de falta de resposta ou renuncia no prazo indicado chamarase ao seguinte clasificado en orde de prelación na lista/bolsa aprobada e así sucesivamente.

Base Décimocuarta.- Nomeamento.-

Efectuado polo Alcalde o nomeamento, o aspirante nomeado deberá tomar posesión no prazo de cinco días hábiles a contar desde o seguinte ao de notificación do nomeamento, previa prestación de xuramento ou promesa conforme dispón o Real Decreto 707/1979, de 5 de abril.

Mentres non tome posesión do posto e non se incorpore ao posto de traballo, o nomeado non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

Base Décimoquinta - Cese.-

O/A funcionario/a interino/a que no seu caso sexa nomeado en execución da presente convocatoria, cesará en todo caso cando se produzan calquera das causas previstas legalmente e, en todo caso, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento.

Base Décimosexta.- Duración da lista/bolsa.-

A lista/bolsa tendrá unha vixencia de 3 anos podendo ser prorrogada por 2 anos mais, dende a súa aprobación sen prexuízo de que se poda prorrogar se o permite a lexislación vixente. Non obstante, a dita lista quedará anulada automaticamente se antes da finalización da súa vixencia se convoca un novo proceso selectivo e se aproba unha nova lista de aspirantes.No caso de cobertura definitiva da prza, a Bolsa permanecerá vixente para posibles coberturas interinas do titular.

Base Décimosétima.- Normas finais.-

Primeira.- Para todo o non previsto nestas Bases será de aplicación supletoria o establecido no TREBEP; na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia; na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, Real Decreto 364/1995 polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de postos de traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado e demais lexislación vixente de aplicación.

Segunda.- Agás a convocatoria, que se publicará segundo se establece na Base 3ª, os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso selectivo faranse públicos a través dos Taboleiro de Anuncios do Concello de Outeiro de Rei, sen prexuízo de que se dea información sobre estas publicacións a través da web do concello.

Terceira.- Todos os actos administrativos derivados desta convocatoria e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei do Procedemento Administrativo Común e normas vixentes concordantes.

Outeiro de Rei, 4 de xullo de 2024.- O Presidente. D. José Pardo Lombao. A Secretraria. Dou fe, Cristina Castro Fuentes.

Temario:

- 1.- A Constitución española de 27 de decembro de 1978: Título preliminar e Título I
- 2.- A Lei 7/2023 de 30 de novembro, galega para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia. Título preliminar e título II, capítulo I
- 3.- A atención ao cidadán, vixianza e control das persoas que acceden ás dependencias da administración.
- 4.- Traballos con materiais e maquinaria de oficina: reprografía e destrución de documentación.
- 5.- A notificación das resolucións e actos administrativos artigos 40-46 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común.
- 6.- A Lei 3/2007 de 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais en Galicia. Título I, capítulo I e II, Título II, capítulo I e Título III, capítulo II
7. Coñecemento do término municipal do Concello de Outeiro de Rei
8. Ordenanzas municipais do Concello de Outeiro de Rei:
 - Regulamento de verquidos á rede de sumidoiros
 - Regulamento do servizo de copia e compulsa de documentos do Concello de Outeiro de Rei
 - Ordenanza municipal reguladora da licenza pola tenencia de animais potencialmente perigosos, do seu rexistro e da sección local do rexistro de animais de compañía
 - Ordenanza reguladora do uso de instalacións deportivas
 - Ordenanza municipal reguladora do uso público de zonas verdes e áreas recreativas do Concello de Outeiro de Rei
 - ordenanza fiscal reguladora da taxa por realización de actuación de xestión da biomasa
 - Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de sumidoiros
 - Ordenanza reguladora da taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga potable
 - Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo de recollido e coidado de animais domésticos e salvaxes en cautividade
 - Ordenanza reguladora sobre portas carreteras e pasaxes permanentes de entrada e saída de vehículos en Outeiro de Rei

**ANEXO I
MODELO SOLICITUDE**

SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NAS PROBAS SELECTIVAS PARA FORMAR PARTE DA BOLSA DE FUNCIONARIOS/AS INTERINOS/AS DO POSTO DE VIXIANTE DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI

Denominación			
Tipo de persoal	Funcionario de carreira <input type="checkbox"/> Funcionario interino <input type="checkbox"/> Persoal laboral fixo <input type="checkbox"/> Persoal laboral temporal <input type="checkbox"/>		
Quenda á que opta			
Libre	<input checked="" type="checkbox"/>	Promoción interna	<input type="checkbox"/>
		Discapacitados	<input type="checkbox"/>
No caso de quenda de discapacitados, indique se necesita adaptación especial para a realización das probas e de que tipo:			

Datos persoais

Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome	
Data nacemento	D.N.I.	Nacionalidade	Teléfono/s
Domicilio		Municipio	Código Postal

- **Declaro responsablemente non haber sido separado**, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha Administración Pública, **nin atoparme inhabilitado** para o exercicio da función pública por sentenza firme.
- **Declaro responsablemente non estar incurso en causas de incompatibilidade** de conformidade có disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

Solicito

Ser admitido nas probas selectivas convocadas para a formación dunha Bolsa de funcionarios/as interinos/as do Grupo E do Concello de Outeiro de Rei, posto vixiante de Escala Administración Xeral, e declaro que son certos tódolos datos consignados nesta solicitude, e que coñezo e reúno as condicións esixidas na convocatoria, referidos á data na que finaliza o prazo de presentación de instancias.

Remito documentación necesaria que acompaña a instancia e méritos (no seu caso) para ser oportunamente valorados.

1.
2.
3.
4.

En Outeiro de Rei, ____ de _____ de _____

Sinatura do interesado

Sr. Alcalde do Concello da Outeiro de Rei

Outeiro de Rei, 4 de xullo de 2024.- O Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 2032

RIBADEO

Anuncio

APROBACIÓN PROVISIONAL

ORDENANZA FISCAL Reguladora do Imposto sobre Vehículos de tracción Mecánica

O Pleno do Concello de Ribadeo, en sesión ordinaria celebrada o día 25/06/2024, acordou provisionalmente a modificación da **Ordenanza Fiscal I3 Reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica**

En cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se non se presentan reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, e procederase á súa publicación, xunto co texto íntegro da modificación da ordenanza no BOP, non entrando en vigor ata que esta teña lugar.

Ribadeo, 27 de xuño de 2024.- Alcalde, Daniel Vega Perez.

R. 2033

O SAVIÑO

Anuncio

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO PADRÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Por Resolución de Alcaldía num. 2024/0207, de data 2 de xullo de 2024, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo da Escola Infantil do Saviño correspondentes ao mes de xuño de 2024, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación no BOP de Lugo, ao obxecto de que poida ser consultado polos/as interesados/as nas dependencias do Concello, de xeito que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos conforme ao disposto na normativa tributaria.

Contra as liquidacións provisionais anteriores, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o de finalización do prazo de exposición, ou calquera outro que se estime oportuno. Todo iso, en virtude do establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

O cobramento dos correspondentes recibos realizarase de conformidade ao establecido no arts. 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por RD 939/2005, do 29 de xullo, Regulamento de organización e funcionamento da Escola Infantil Municipal do Saviño, art. 3 da ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de dito servizo.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes teñen domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Fixase como período voluntario de cobramento o prazo de dous meses dende o día seguinte a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago do prezo público serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.

O Saviño. 2 de xullo 2024.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 2022

TRABADA

Anuncio

CONTA XERAL DO EXERCICIO ECONÓMICO 2023 DO CONCELLO DE TRABADA

Unha vez informada pola Comisión Especial de Contas deste Concello, en sesión celebrada o día 3 de xullo do ano 2024, a Conta Xeral correspondente ó exercicio económico 2023, de conformidade co disposto no apartado 3 do artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, queda exposta ó público na Secretaría-Intervención deste Concello, por prazo de quince días, contados a partir do seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Durante dito prazo os interesados poderán presentar as reclamacións, reparos ou observacións que estimen pertinentes de conformidade co disposto no artigo 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local, e no artigo 212.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Trabada, 3 de xullo de 2024.- Sr. Alcalde, Don Rubén García Freije.

R. 2023

VIVEIRO

Anuncio

Aprobación dos padróns fiscais de Taxa de Recollida de Lixo e Canon de Auga (2º trimestre do exercicio 2024) e anuncios de cobranza.

Con data de 1 de xullo de 2024 por resolución da Alcaldía procédese á aprobación dos seguintes padróns fiscais :

Obxecto	Exercicio	Importe
Recollida de lixos e residuos sólidos urbanos	2º Trimestre de 2024	329.523,83.-€
Canon auga (Xunta)	2º Trimestre de 2024	61.735,99.- €

De conformidade co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, pola que se aproba a Lei Xeral Tributaria, ábrese un período de exposición pública por espazo de 15 días hábiles, para o seu exame por parte dos contribuíntes.

Finalizado o prazo de exposición pública, poderá interpoñerse o recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo de un mes ante a Alcaldesa. Se o recurso non se resolvese no prazo de un mes entenderase desestimado. Contra a resolución do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, de acordo co disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Contra a desestimación por silencio administrativo, o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo será de seis meses.

Anuncios de cobranza :

De acordo co previsto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, indícase o seguinte en relación cos tributos anteriormente citados:

O prazo de ingreso no período voluntario dos recibos será desde o día **09** de xullo ata o 09 de setembro do 2024 , ambos inclusive.

Os contribuíntes poderán aboar os seus recibos en calquera oficina de Abanca, dentro do prazo sinalado e durante os días e horas hábiles de ingreso que tal entidade ten establecidos, presentando a comunicación que a tal efecto lles será remitida ao seu domicilio tributario. Os que non recibiran dita comunicación poderán contactar coa oficina de ViAQUA de Viveiro, onde se lles facilitará documentación para poder efectuar o pago nas oficinas de: ABANCA, BBVA, SANTANDER, LA CAIXA ou CORREOS.

Recórdase a conveniencia de facer uso da modalidade de domiciliación de pago de recibos a través de entidades bancarias e caxias de aforros, conforme as normas que sinala o artigo 38 do Regulamento Xeral de Recadación, e abvírtese que, transcorrido o prazo de ingreso sinalado anteriormente, iniciarase o período de constrinximento de cobro, xerando os recargos sinalados nos artigos 28 e 161 da Lei 58/2003.

Viveiro, 1 de xullo de 2024.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 2034

Anuncio

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D^a. MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta, do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 16 de decembro de 2022 Núm. 286, publícase a convocatoria e bases reguladoras cos seus anexos aprobadas pola Alcaldía, en Viveiro o día 12 de decembro de 2022, polas que se inicia o proceso selectivo para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6^a e 8^a da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do mércores, 21 de decembro de 2022, DOG Núm. 241, publícase o anuncio do extracto das convocatorias, bases xerais e bases específicas que regulan os procesos selectivos para o ingreso nas prazas de persoal funcionario de carreira e laboral fixos incluídas na oferta de emprego público do ano 2022, en virtude da taxa adicional de estabilización da convocatoria excepcional prevista nas disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 30 de decembro de 2022 Núm. 298, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6^a e 8^a da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do martes, 03 de xaneiro de 2023, DOG Núm. 2, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6^a e 8^a da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Boletín Oficial do Estado do martes, 24 de xaneiro de 2023, Núm. 20, publícase convocatoria para proveer varias prazas, establecendo o prazo de presentación de solicitudes que será de 20 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopa unha praza de **“CAPATAZ/A DAS BRIGADAS DE OBRAS, PARQUES E XARDINS”**.

Vistas as bases xerais, xunto coas bases específicas e anexo que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6^a e 8^a da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, en relación co proceso selectivo para a cobertura de unha praza de **“CAPATAZ/A DAS BRIGADAS DE OBRAS, PARQUES E XARDINS”** persoal laboral fixo.

Vista a publicación da lista provisional de admitidos/as e excluídos/as publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo en data 12 de xullo de 2023.

Vista a publicación da lista definitiva de admitidos/as publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo en data 23 de novembro de 2023.

Vista a publicación da Resolución de Alcaldía relativa ao nomeamento do Tribunal do proceso selectivo para a cobertura de unha praza de **“CAPATAZ/A DAS BRIGADAS DE OBRAS, PARQUES E XARDINS”** persoal laboral fixo en data 23 de novembro de 2023.

Vista a Acta de Constitución do Tribunal do proceso selectivo para a cobertura de unha praza de **“CAPATAZ/A DAS BRIGADAS DE OBRAS, PARQUES E XARDINS”** persoal laboral fixo en data 24 de novembro de 2023. Constando no expediente as declaracións responsables dos membros do Tribunal de non incursión en causa de abstención.

Vista a Acta de reunión do tribunal cualificador, de data 28 de novembro de 2023, na que se fai constar que por parte do Tribunal, no momento da valoración, se detecta erro tanto na lista provisional de admitidos/as e excluídos/as como da lista definitiva de admitidos/as, toda vez que nas referidas listas, o aspirante D. Emilio Jose Doce Fojón figura como exento da realización da proba de galego, detectándose que dito aspirante no

posúe o certificado de Celga 4 que se requería nas bases específicas, polo tanto dito Tribunal acorda por unanimidade, deixar constancia desta circunstancia, dando traslado da mesma á Alcaldía, como órgano competente, a fin de que se proceda á subsanación do erro detectado, citando ao referido aspirante para realizar a proba de galego, para posteriormente poder continuar coa valoración dos aspirantes.

Vista a base xeral 11, que sinala “(...) **11. PROBA DE GALEGO.**

Esta proba é obrigatoria e eliminatória de conformidade co disposto nas presentes bases.

Realizarase unha proba de galego, excepto para aquelas persoas que acrediten o nivel de coñecemento da lingua galega esixido na base específica.

Cualificarase co resultado de apto ou non apto, quedando eliminados do proceso selectivo aquelas persoas aspirantes que, sen acreditar o nivel de galego esixido na base específica, non se presenten ou acaden o resultado de non apto.

A proba consistirá na tradución dun texto de castelán para galego ou de galego para castelán, cuxo contido corresponderá ao nivel de galego esixido.

Para os grupos A e C: *Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento da lingua galega, que determinará o órgano de selección, e avaliarase únicamente como apto ou non apto. Consistirá en traducir nun tempo máximo de 30 minutos, e sen axuda de diccionario, un texto de castelán a galego ou de galego para castelán, cuxo contido corresponderá ao nivel de galego esixido nas bases específicas, proposto polo Tribunal. Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten no prazo regulamentario de presentación de instancias, posuír o título esixido nas bases específicas ou equivalente homologado, segundo o establecido nas presentes bases de conformidade coa normativa de aplicación...*

Vista a base xeral 11.1; 11.2 e 11.3, que sinala “(...) **11.1. Citación.**

Por Resolución da Alcaldía do Concello de Viveiro citarase aos membros do Tribunal e ás persoas aspirantes admitidas (que non acreditan o nivel de galego esixido nas bases específicas correspondentes) indicando a data, lugar e hora para a realización da proba de galego, publicándose no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, taboleiro de anuncios, na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios dixital.

Entre a data de realización da proba e a súa celebración non poderá mediar menos de 48 hora.

11.2. Chamamentos.

As persoas citadas, serán convocadas en chamamento único, sendo eliminadas do proceso selectivo as persoas aspirantes citadas que non comparezan, excepto casos de forza maior, debidamente xustificadas e apreciados libremente polo Tribunal Cualificador, nos que se determinarán as medidas a adoptar.

11.3. Identificación.

Os/as aspirantes deberán presentarse para a realización do exercicio provisto/as do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, que deberán ser en todo caso orixinais.

De non acudir provisto de dito documento non poderá participar na proba selectiva, quedando decaídos de tódolos seus dereitos e excluído do proceso selectivo...

Vista a base xeral 11.6 e 11.7, que sinala “(...) **11.6. Criterios de corrección.**

O Tribunal adoptará, con anterioridade á realización da proba, os criterios para a súa corrección informando ás persoas aspirantes antes da súa realización, nas probas nas que proceda pola súa natureza.

11.7. Publicación e alegación.

Os resultados faranse públicos no taboleiro de edictos dixital da sede electrónica do Concello, no taboleiro de anuncios, na páxina web e no local de celebración, nun prazo máximo de (2) dous días hábiles dende a celebración da proba.

As persoas aspirantes poderán presentar alegacións no prazo de (3) tres días hábiles seguintes á publicación dos resultados no taboleiro de edictos dixital da sede electrónica do Concello.

Resoltas as alegacións, no suposto de estimarse, deberán publicarse as oportunas correccións.

De non estimarse continuarase o procedemento sen máis trámite...

Vista a base xeral 12, que sinala “(...) **12. BAREMOS DE MÉRITOS**

Realizada a proba de galego, o Tribunal procederá a valorar os méritos ás persoas que acreditaron ou superaron a proba de galego...

RESOLVO

PRIMEIRO.-CITAR aos membros do Tribunal e **AO ASPIRANTE ADMITIDO NON EXENTO DA PROBA DE GALEGO**, D. Emilio Jose Doce Fojón para que compareza no salón de Plenos do Concello de Viveiro o **XOVES DÍA 11 DE XULLO DE 2024, ÁS 08:30 HORAS**, aos efectos de realizar a **PROBA DE GALEGO**.

SEGUNDO.- Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, taboleiro de anuncios, na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios dixital.

Mándoo e asínoo

Viveiro, 5 de xullo de 2024.- A Alcaldesa, María Loureiro García. Ante mín, A Secretario, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, María Luz Balsa Rábade.

R. 2037

Anuncio

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D^a. MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta, do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 16 de decembro de 2022 Núm. 286, publícase a convocatoria e bases reguladoras cos seus anexos aprobadas pola Alcaldía, en Viveiro o día 12 de decembro de 2022, polas que se inicia o proceso selectivo para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6^a e 8^a da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do mércores, 21 de decembro de 2022, DOG Núm. 241, publícase o anuncio do extracto das convocatorias, bases xerais e bases específicas que regulan os procesos selectivos para o ingreso nas prazas de persoal funcionario de carreira e laboral fixos incluídas na oferta de emprego público do ano 2022, en virtude da taxa adicional de estabilización da convocatoria excepcional prevista nas disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 30 de decembro de 2022 Núm. 298, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6^a e 8^a da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do martes, 03 de xaneiro de 2023, DOG Núm. 2, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6^a e 8^a da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Boletín Oficial do Estado do martes, 24 de xaneiro de 2023, Núm. 20, publícase convocatoria para proveer varias prazas, establecendo o prazo de presentación de solicitudes que será de 20 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopa unha praza de **“OFICIAL/A MANTEMENTO TEATRO”**.

Vistas as bases xerais, xunto coas bases específicas e anexo que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6^a e 8^a da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, en relación co proceso selectivo para a cobertura de unha praza de **“OFICIAL/A MANTEMENTO TEATRO”** persoal laboral fixo.

Vista a publicación da lista provisional de admitidos/as e excluídos/as publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo en data 12 de xullo de 2023.

Vista a publicación da lista definitiva de admitidos/as publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo en data 21 de novembro de 2023.

Vista a publicación da Resolución de Alcaldía relativa ao nomeamento do Tribunal do proceso selectivo para a cobertura de unha praza de **“OFICIAL/A MANTEMENTO TEATRO”** persoal laboral fixo en data 22 de novembro de 2023.

Vista a Acta de Constitución do Tribunal do proceso selectivo para a cobertura de unha praza de **“OFICIAL/A MANTEMENTO TEATRO”** persoal laboral fixo en data 24 de novembro de 2023. Constando no expediente as declaracións responsables dos membros do Tribunal de non incursión en causa de abstención.

Vista a Acta de reunión do tribunal cualificador, de data 22 de xaneiro de 2024, na que se fai constar que por parte do Tribunal, no momento da valoración, se detecta erro tanto na lista provisional de admitidos/as e excluídos/as como da lista definitiva de admitidos/as, toda vez que nas referidas listas, o aspirante D. Emilio Jose Doce Fojón figura como exento da realización da proba de galego, detectándose que dito aspirante no posúe o certificado de Celga 4 que se requiría nas bases específicas, polo tanto dito Tribunal acorda por unanimidade, deixar constancia desta circunstancia, dando traslado da mesma á Alcaldía, como órgano competente, a fin de que se proceda á subsanación do erro detectado, citando ao referido aspirante para realizar a proba de galego, para posteriormente poder continuar coa valoración dos aspirantes.

Vista a base xeral 11, que sinala “(...) **11. PROBA DE GALEGO.**

Esta proba é obrigatoria e eliminatoria de conformidade co disposto nas presentes bases.

Realizarase unha proba de galego, excepto para aquelas persoas que acrediten o nivel de coñecemento da lingua galega esixido na base específica.

Cualificarase co resultado de apto ou non apto, quedando eliminados do proceso selectivo aquelas persoas aspirantes que, sen acreditar o nivel de galego esixido na base específica, non se presenten ou acaden o resultado de non apto.

A proba consistirá na tradución dun texto de castelán para galego ou de galego para castelán, cuxo contido corresponderá ao nivel de galego esixido.

***Para os grupos A e C:** Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento da lingua galega, que determinará o órgano de selección, e avaliarase únicamente como apto ou non apto. Consistirá en traducir nun tempo máximo de 30 minutos, e sen axuda de diccionario, un texto de castelán a galego ou de galego para castelán, cuxo contido corresponderá ao nivel de galego esixido nas bases específicas, proposto polo Tribunal. Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten no prazo regulamentario de presentación de instancias, posuír o título esixido nas bases específicas ou equivalente homologado, segundo o establecido nas presentes bases de conformidade coa normativa de aplicación...”*

Vista a base xeral 11.1; 11.2 e 11.3, que sinala “(...) **11.1. Citación.**

Por Resolución da Alcaldía do Concello de Viveiro citarase aos membros do Tribunal e ás persoas aspirantes admitidas (que non acreditan o nivel de galego esixido nas bases específicas correspondentes) indicando a data, lugar e hora para a realización da proba de galego, publicándose no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, taboleiro de anuncios, na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios dixital.

Entre a data de realización da proba e a súa celebración non poderá mediar menos de 48 hora.

11.2. Chamamentos.

As persoas citadas, serán convocadas en chamamento único, sendo eliminadas do proceso selectivo as persoas aspirantes citadas que non comparezan, excepto casos de forza maior, debidamente xustificadas e apreciadas libremente polo Tribunal Cualificador, nos que se determinarán as medidas a adoptar.

11.3. Identificación.

Os/as aspirantes deberán presentarse para a realización do exercicio provisto/as do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, que deberán ser en todo caso orixinais.

De non acudir provisto de dito documento non poderá participar na proba selectiva, quedando decaídos de tódolos seus dereitos e excluído do proceso selectivo...”

Vista a base xeral 11.6 e 11.7, que sinala “(...) **11.6. Criterios de corrección.**

O Tribunal adoptará, con anterioridade á realización da proba, os criterios para a súa corrección informando ás persoas aspirantes antes da súa realización, nas probas nas que proceda pola súa natureza.

11.7. Publicación e alegación.

Os resultados faranse públicos no taboleiro de edictos dixital da sede electrónica do Concello, no taboleiro de anuncios, na páxina web e no local de celebración, nun prazo máximo de (2) dous días hábiles dende a celebración da proba.

As persoas aspirantes poderán presentar alegacións no prazo de (3) tres días hábiles seguintes á publicación dos resultados no taboleiro de edictos dixital da sede electrónica do Concello.

Resoltas as alegacións, no suposto de estimarse, deberán publicarse as oportunas correccións.

De non estimarse continuarase o procedemento sen máis trámite...”

Vista a base xeral 12, que sinala “(...) **12. BAREMOS DE MÉRITOS**

Realizada a proba de galego, o Tribunal procederá a valorar os méritos ás persoas que acreditaron ou superaron a proba de galego...”

RESOLVO

PRIMEIRO.-CITAR aos membros do Tribunal e **AO ASPIRANTE ADMITIDO NON EXENTO DA PROBA DE GALEGO**, D. Emilio Jose Doce Fojón para que compareza no salón de Plenos do Concello de Viveiro o **XOVES DÍA 11 DE XULLO DE 2024, ÁS 08:30 HORAS**, aos efectos de realizar a **PROBA DE GALEGO**.

SEGUNDO.- Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, taboleiro de anuncios, na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios dixital.

Mándoo e asínoo

Viveiro, 5 de xullo de 2024.- A Alcaldesa, María Loureiro García. Ante mín, A Secretario, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, María Luz Balsa Rábade.

R. 2038

MINISTERIO DE FACENDA

DELEGACIÓN DE ECONOMÍA E FACENDA EN LUGO. XERENCIA TERRITORIAL DO CATASTRO

Anuncio

De conformidade con lo establecido en el artículo 26.2 del R.D. 417/2006, de 7 de abril, por el que se desarrolla el texto refundido de la Ley del Catastro Inmobiliario (R.D. Legislativo 1/2004 de 5 de marzo), por el presente anuncio se pone en conocimiento de todos los titulares catastrales la apertura del trámite de audiencia previo correspondiente al procedimiento de valoración colectiva de carácter general de bienes inmuebles urbanos, así como de los inmuebles con construcciones en suelo rústico, delos municipios de FOZ y de O VICEDO, durante el plazo de diez días hábiles contados a partir del siguiente al de la publicación de este anuncio, en esta Gerencia, sita en RUA DO TEATRO, 4 de Lugo, para lo cual puede solicitar cita previa a través de la Línea Directa del Catastro 91 387 45 50 - 902 37 36 35, a fin de que puedan formular las alegaciones y presentar las pruebas que estimen pertinentes.

Por otra parte, de conformidad con lo establecido en el artículo 69.b) del texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales (R.D. Legislativo 2/2004 de 5 de marzo), y a los efectos de la aplicación del cociente previsto en el citado precepto, se pone en conocimiento de todos los interesados el valor catastral medio del citado municipio:

MUNICIPIO	VALOR CATASTRAL MEDIO PADRÓN 2024 (€) (1)	VALOR CATASTRAL MEDIO NUEVA PONENCIA (€) (2)	COCIENTE (1)/(2)
FOZ	32.184,46	42.952,30	0,74
O VICEDO	20.137,99	16.901,36	1,19

Dichos valores estarán igualmente expuestos al público, por lo que podrán ser consultados, durante el plazo de quince días hábiles, en esta Gerencia, previa obtención de cita a través de la Sede Electrónica del Catastro o de la Línea Directa del Catastro. Asimismo, podrán ser consultados en el Portal de la Dirección General del Catastro (www.catastro.hacienda.gob.es).

Lugo, 4 de julio de 2024.- El Gerente Territorial del Catastro de Lugo, Luis Fernando Jácome López.

R.2035